



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Centro Galego de Tecnificación Deportiva
Padre Fernando Olmedo, 3
36002 Pontevedra
Telef: 986.857.758 Fax: 986.847.510

**CONVOCATORIA DOS PROGRAMAS
DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA E DE RENDEMENTO DEPORTIVO
NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA
PARA O CURSO ESCOLAR 2009/10.**

7 de xullo de 2009



1. DOCUMENTACIÓN E PRAZOS

- 1.1. As federacións deportivas que soliciten ter un grupo de adestramento de Tecnificación deportiva ou de Rendemento deportivo no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) para o vindeiro curso 2009/10, deberán presentar na Secretaría Xeral para o Deporte, antes das 14:00h. do 23 de xullo de 2009, a súa solicitude.
- 1.2. Toda a documentación desta convocatoria atópase na páxina web www.deportegalego.es, no apartado *CGTD*. Tamén poderase recoller no propio CGTD así como na Secretaría Xeral para o Deporte.
- 1.3. Ademais dos documentos orixinais, presentárase unha copia, en soporte dixital, dos anexos II e III.
- 1.4. A Secretaría Xeral para o Deporte ditará resolución nun prazo máximo de 30 días dende a data límite para a presentación da documentación requirida.
- 1.5. Os programas poderán ser revogados, ao longo do curso, nas seguintes circunstancias:
- A instancia do presidente da federación galega correspondente, co acordo da Asemblea xeral da súa federación.
 - Por resolución do secretario xeral para o Deporte, tralo trámite de audiencia ao presidente da federación galega correspondente, polo incumprimento grave das obrigas reflectidas nesta convocatoria e/ou no regulamento de réxime interno do centro.
- 1.6. A solicitude presentárase segundo a instancia recollida nos anexos I-T e I-R.
- 1.7. Deberase achegar a seguinte documentación:

		Nº unidades
Anexo I-T	Solicitude de renovación do programa de tecnificación	1
Anexo I-R	Solicitude de renovación do programa de rendemento	1
Anexo II	Memoria curso 2008/09	1
Anexo III-T	Proxecto de tecnificación para o curso 2009/10	1
Anexo III-R	Proxecto de rendemento para o curso 2009/10	1
Anexo IV	Proposta equipo técnico	1 por persoa
Anexo V	Adestrador/a responsable: declaración de non incompatibilidade	1
Anexo VI	Adestrador/a responsable: coñecemento das súas funcións	1
Anexo VII	Persoal de apoio no equipo técnico: coñecemento das súas funcións	1 por persoa
Anexo VIII	Valoración técnica dos/as deportistas do curso pasado (2008/09)	1 por persoa
Anexo IX	Valoración técnica dos/as novos/as deportistas	1 por persoa

2. MEMORIA DO CURSO 2008/09

- 2.1. A memoria do curso 2008/09 axustárase ao modelo establecido no Anexo II.

3. PROXECTOS PARA O CURSO 2009/10

- 3.1. Os proxectos de tecnificación e de rendemento para o curso 2009/10 axustáranse aos modelos establecidos nos anexos III-T e III-R.



4. EQUIPO TÉCNICO

4.1. O Equipo técnico estará formado por:

- a. Un/ha adestrador/a responsable do grupo
- b. Un/ha adestrador/a substituto/a
- c. Un/ha ou varios/as adestradores/as de apoio
- d. Outro persoal de apoio.

4.2. Os postos reflectidos nos apartados **a.** e **b.** do punto anterior son obrigatorios.

4.3. O Equipo técnico deberá ser único para os grupos de tecnificación e de rendemento.

4.4. O/a adestrador/a responsable do grupo de adestramento do CGTD: ten a máxima responsabilidade do grupo de adestramento. Requisitos:

- a. Titulación: Licenciado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou título de Técnico/a deportivo/a superior ou Adestrador/a deportivo de nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente.
- b. Experiencia: acreditar un mínimo de 3 anos como adestrador/a.
- c. Non estar afectado/a por incompatibilidade.
- d. Non poderá adestrar a outros/as deportistas no horario do grupo de adestramento do CGTD. Excepcionalmente, por estar participando en outras actividades técnicas que repercutan nunha mellora do seu traballo como adestrador/a, poderá non asistir a algún adestramento do CGTD.

4.5. O/a adestrador/a substituto/a: ten a responsabilidade do grupo de adestramento en ausencia do adestrador responsable. Requisitos:

- a. Titulación: Licenciado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou título de Técnico/a deportivo/a superior ou Adestrador/a deportivo de nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente.
- b. Experiencia: acreditar un mínimo de 3 anos como adestrador/a.
- c. Non estar afectado/a por incompatibilidade.

4.6. Os/as adestradores/as de apoio: fan tarefas de axuda e apoio ao grupo de adestramento. A súa titulación deberá axustarse aos requisitos esixidos no exercicio das súas funcións dentro do programa.

4.7. Persoal de apoio: outros profesionais que colaboren no proceso de adestramento deportivo.

4.8. A federación indicará quen é o/a técnico/a con maior responsabilidade nos programas de tecnificación e de rendemento da federación, director/a técnico/a ou outro, pertenza ou non ao equipo técnico do CGTD.

4.9. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá desestimar a proposta do/a responsable dos programas e/ou de outros membros do equipo técnico, feita pola la federación deportiva que solicita a autorización, fundamentando a súa decisión no incumprimento dalgún dos requisitos anteriores, no incumprimento das normas de convivencia, na desatención das funcións técnicas ou titoriais, ou na falta de compromiso co proxecto educativo do centro.

4.10. A relación laboral entre os/as membros do equipo técnico e a federación deportiva da que dependen deberá axustarse en todo momento á lexislación laboral e fiscal vixente.



5. DEPORTISTAS

- 5.1. Os/as deportistas deberán ser avaliados/as polos/as responsables técnicos/as da federación deportiva encargada do programa.
- 5.2. A relación de deportistas deberá incluír tanto aos/ás deportistas renovados/as, coma aos/ás de nova incorporación.
- 5.3. Os/as deportistas deberán ter residencia en Galicia e ter licenza nun club galego, expedida pola federación galega correspondente.
- 5.4. Os/as deportistas con *Praza de Residencia 1* ou *Praza de Externo/a 1* deberán ter promocionado de curso. Excepcionalmente poderase eximir deste requisito a aqueles/as deportistas que xa cursaran estudos no CGTD no curso anterior e que conten co informe da xefatura de estudos ou da xefatura de departamento do IES adscrito ao CGTD, no que se valore positivamente a súa actitude e esforzo cara aos estudos. Ademais deberá ter unha valoración positiva no que respecta á convivencia co resto do grupo.

6. TIPOS DE PRAZA

- 6.1. **Para o grupo de adestramento de Tecnificación:** deportistas que fagan 15, 16, 17 ou 18 anos no 2010 (nados nos anos 1995, 1994, 1993 e 1992)

Praza de Residencia 1: residentes fóra do concello de Pontevedra ou concellos próximos.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento e manutención completa na residencia, servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

Praza de Externo/a 1: Para residentes no concello de Pontevedra ou concellos próximos.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

- 6.2. **Para o grupo de adestramento de Rendemento:** deportistas que fagan de 19 a 25 anos no 2010 (do ano 1991 ao 1985).

Praza de Externo/a 3: Para deportistas participantes no Cto. do Mundo ou de Europa nos anos 2008 ou 2009; e que cursen estudos universitarios, de bacharelato ou ciclo formativo.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo/a 4: Para deportistas que residan fóra do seu entorno familiar, acrediten resultados deportivos de alto nivel no campionato de España e cursen estudos universitarios, bacharelato ou ciclo formativo.

Beneficios da praza: incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Excepcións: *Aqueles deportistas que fagan 19 anos no ano 2010, que tiveran praza de Residencia 1 ou Externo 1 no curso 2008-2009, poderán, a criterio da Comisión de Selección, ocupar estas prazas para rematar os estudos de bacharelato no IES vinculado ao centro.*

Praza de Residencia 2: coas mesmas características que a de Residencia 1.

Praza de Externo/a 2: coas mesmas características que a de Externo/a 1.



6.3. Outro tipo de praza.

Praza de Externo/a 5: Para deportistas con participación en XXOO ou en probas olímpicas de Ctos. do Mundo ou de Europa de categoría absoluta.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo/a 6: Para deportistas con participación en XXOO ou en probas olímpicas de Ctos. do Mundo ou de Europa de categoría absoluta.

Beneficios da praza: instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

7. NÚMERO DE PRAZAS

7.1. Convócanse un máximo de 170 prazas:

- Ata 90 prazas de Residencia 1 e Residencia 2
- Ata 12 prazas de Externo/a 1 e Externo 2
- Ata 24 prazas de Externo/a 3
- Ata 12 prazas de Externo/a 4
- Ata 12 prazas de Externo/a 5
- Ata 20 prazas de Externo/a 6

7.2. A Secretaría Xeral para o Deporte, vista a proposta da comisión de selección, poderá cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas, en función do grao de cumprimento dos requisitos propostos para cada perfil.

8. COMISIÓNS DE ANÁLISE

8.1. Haberá unha por cada federación galega que solicite a renovación do seu programa, e estará formada por:

- a. Xefe/a do servizo de coordinación deportiva da Secretaría Xeral para o Deporte, ou persoa en quen delegue.
- b. Director/a do CGTD
- c. Subdirector/a do CGTD
- d. Presidente/a da federación galega correspondente
- e. Director/a técnico/a da federación galega correspondente
- f. Un/unha técnico/a deportivo/a da Secretaría Xeral para o Deporte

8.2. Funcións:

- Analizar a documentación presentada pola federación.
- Comprobar o cumprimento dos diferentes aspectos desta convocatoria.
- Chegar a un acordo provisional na asignación das prazas, que será proposto á comisión de selección.



9. COMISIÓN DE SELECCIÓN

9.1. Estará formada por:

- a. Subdirector/a xeral para o Deporte, ou persoa en quen delegue.
- b. Xefe/a do servizo de coordinación deportiva da Secretaría Xeral para o Deporte
- c. Director/a do CGTD
- d. Subdirector/a do CGTD
- e. Un/unha técnico/a deportivo/a da Secretaría Xeral para o Deporte

9.2. Funcións:

- Analizar as propostas das Comisións de análise.
- Elevar ao secretario xeral para o Deporte, a proposta de renovación ou de rexeitamento dos programas presentados polas federacións.
- Elevar, ao secretario xeral para o Deporte, a proposta de asignación de prazas. Para esta proposta valorarase:
 - o as prazas actuais de cada modalidade
 - o os programas propostos polas federacións
 - o as propostas de asignación de prazas das diferentes comisións de análise
 - o os resultados deportivos de cada modalidade, valorando o número de participantes e as licenzas da modalidade.

Pontevedra, 7 de xullo de 2009

José Ramón Lete Lasa
Secretario Xeral para o Deporte

Asinado no orixinal